

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

*RESOLUCIÓN do 14 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se fan públicas as puntuacións provisionais da fase de concurso do proceso selectivo para o ingreso nas categorías de médico/a asistencial do 061, médico/a coordinador/a do 061 e médico/a de urxencias hospitalarias, convocado mediante a Resolución do 22 de decembro de 2016.*

A base oitava da Resolución do 22 de decembro de 2016, da Dirección Xeral de Recursos Humanos (DOG núm 7, do 11 de xaneiro de 2017), pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso nas categorías de médico/a asistencial do 061, médico/a coordinador/a do 061 e médico/a de urxencias hospitalarias do Servizo Galego de Saúde, dispón que, realizada polo tribunal a baremación dos méritos achegados polos/as aspirantes, a Dirección Xeral de Recursos Humanos publicará, no *Diario Oficial de Galicia*, o anuncio da súa exposición con indicación da puntuación provisional obtida por cada aspirante nas distintas epígrafes, así como a valoración total da fase de concurso.

De conformidade coa dita base, esta dirección xeral, como órgano convocante do proceso,

**RESOLVE:**

Primeiro. Publicar na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)) as puntuacións provisionais da fase de concurso obtidas polas persoas aspirantes que superaron a fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso nas categorías de médico/a asistencial do 061, médico/a coordinador/a do 061 e médico/a de urxencias hospitalarias, convocado mediante a Resolución do 22 de decembro de 2016.

Cada aspirante poderá consultar, ademais, o detalle da puntuación obtida nas distintas epígrafes do baremo, no seu expediente electrónico persoal en Fides/expedient-e/sección de procesos.

Segundo. De conformidade coa base oitava da Resolución do 22 de decembro de 2016, contra os resultados da baremación provisional os/as aspirantes poderán presentar reclamación, ante o tribunal de selección, no prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.



A reclamación deberase presentar nun rexistro administrativo ou a través de calquera dos procedementos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e deberase dirixir á sede do tribunal para os efectos de comunicacións, situada na Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde; Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela.

A estimación ou desestimación das reclamacións presentadas entenderase implícita na resolución pola cal se aproben as puntuacións definitivas da fase de concurso, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2018

Margarita Prado Vaamonde  
Directora xeral de Recursos Humanos

